



# Malandança



OS SONS DA PEDRA  
O KONSEL DO MESTRE MATEO

# Programa

## Unha noite na corte do rei Afonso

### Cantigas de Santa María do rei Afonso X

Cantiga 10: Rosa das rosas

Cantiga 111: En todo tempo faz ben

Cantiga 200: Santa Maria loei e loo e loarei

Recordare: Antifona para o Ofertorio na festa de María Mediadora

Cantiga 421: Nembressete Madre de Deus

Sedia-mi eu na ermida de San Simion (contrafacta

da cantiga 340 co texto de Meendinho)

Cantiga 323: Ontre totalas vertudes

Cantiga 8: A Virgen Santa María

Cantiga 10: Rosa das rosas

## Músicos

Esperanza Mara, voz

Manuel Vilas, arpa medieval

César Arias, cítola, alaúde e organistrum

Xurxo Varela, vyola de cinco cordas e voz

Francisco Luengo, vyolón, organistrum e dirección

## Ciclo Os sons da pedra. O Ronsel do mestre Mateo

Neste, como en anteriores ciclos programados pola Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos, co asesoramento do grupo Organistrum, quixemos expoñer uns contidos que se entrelacen co estudo dos instrumentos empregados xunto coas diferentes propostas interpretativas desenvolvidas no mundo medieval, popular e folk. Ningunha ocasión mellor para iso que a que viviremos neste abril e maio de 2022: cun simposio -Os sons da pedra- que xira ao redor dos instrumentos do círculo do Mestre Mateo; coa presenza de luthiers prestixiosos e outros de nova xeración ligados ao antigo proxecto dos instrumentos do Pórtico da Gloria, e cunha exposición con reproducións de distintos proxectos nados daquel de 1990 e desenvolvidos posteriormente desde os obradoiros das Deputacións de Lugo ou de Ourense.

O ciclo inaugúrase cun daqueles luthiers do proxecto primeiro, **Francisco Luengo**, á fronte do seu grupo Malandança. Non esquecemos que foi el quen desde o seu propio obradoiro construíu os instrumentos do Grupo de Cámara da Universidade, tarefas que prolongou e deu a coñecer con outras formacións e iniciativas por el creadas. Cun repertorio das Cantigas de Santa María de Afonso X, pon en práctica o soño de calquera intérprete: recrear o son do pasado. Como nos di Luengo: “Nese proceso interveñen diferentes factores: as partituras orixinais, con toda a información directa do compositor, en primeiro lugar; a información escrita, tratados, comentarios, cartas con referencias a veladas musicais e todo aquilo que nos diga algo relacionado cos distintos xeitos de facer música e o contexto no que se facía; e naturalmente, os instrumentos, que coas súas virtudes e defectos son os grandes mestres do intérprete.”

**Pancho Álvarez** buscou entre os ecos da música tradicional (panxoliñas, cancións de cego, de oficios, etc.) unha ponte crible e transitable co pasado. O que foi para el unha tese (a necesidade de unir tradición, oralidade e repertorio culto) defendida por estudosos tan solventes como Santiago Tafall, Filgueira Valverde, López-Calo, H. Anglés, e tantos outros desde hai máis de cen anos, o noso músico lévao á práctica como multi-instrumentista, cunha vocación e paixón que foi desenvolvendo desde a creación de *Na lúa*, ou *Mato congrio*; ata hoxe mesmo, integrado no prestixioso grupo de Carlos Núñez. A súa vocación como divulgador é loable, nun país como o noso, propenso a permanentes folclorizacións e variables pouco cribles. A súa calidade como instrumentista permítenos afondar nesa procura do gran soño do intérprete, agora coa recepción dun público desexoso de coñecer o seu pasado musical e disposto a acoller as propostas do noso “cego de Porriño”.

Outro dos nosos grandes valores presentes neste ciclo é **Pablo Carpintero**, experto construtor, intérprete de instrumentos “raros”, gaiteiro recoñecido e editor dun gran manual sobre

instrumentos galegos de impacto internacional. A súa capacidade como divulgador, ao lado de **Rosa Sánchez**, percusionista e cantante, leváranos por medio mundo, demostrando sempre que se pode compartir a calidade, o historicismo e a credibilidade, co aplauso e o atractivo do repertorio escollido: sempre ligado no seu caso á tradición galega e a esa sorte de arqueoloxismo musical. Esa curiosidade e esa capacidade impulsárono á creación dun museo de instrumentos populares realmente notable; e o que hoxe nos reúne e é digno de atención: a posta en práctica dun repertorio, cantando, matizando timbres, variantes, modelos, etc. Un notable caso de didactismo e de moita fe no propio traballo.

O grupo **Martín Códax** herda e dá continuidade -desde as primeiras tarefas de Miguel Angel L. Fariña ou de Fernando Olbés- aos grupos que traballamos, desde finais dos anos 70, na interpretación con instrumentos medievais; e, por suposto, sendo herdeiros e tamén artífices en continuidade de proxectos como os do Pórtico da Gloria que estamos conmemorando, cuxos instrumentos eles tamén tocaron por medio mundo. Outro mérito que non debemos obviar é a continuidade e fidelidade que souberon darlle á súa propia traxectoria, algo nada fácil se temos en conta a calidade dos seus compoñentes e a longa traxectoria de todos eles en distintas formacións e proxectos. Hoxe ofrécennos un programa de transición do Calixtino cara a música dos trobadores. En todo caso, non podo deixar de recordar a músicos deste grupo que se sentaron co que isto escribe durante tres décadas no atril de ao lado: Fernando Olbés, Miguel Ángel López Fariña, González Abrales... Sempre grandes recordos.

Pechamos o ciclo con outro dos grandes valores da nova xeración da musicoloxía española: **Antoni Madueño**, quizais o modelo máis parecido á miña propia traxectoria e experiencia: de estudos académicos, de doutoramento, proxectos sobre repertorios antigos e medievais, procura de intérpretes e de medios para poñelos a andar. Ao lado do encontro coa realidade intermediadora do instrumento: buscando reproducións, e facéndoas soar con gran calidade e con gran credibilidade. En 2015 Madueño crea o proxecto internacional *Espertando instrumentos durmidos*, que representa a candidatura UNESCO da Portada de Ripoll, co apoio do Consello de Europa: unha aventura baseada nun rigoroso programa de construción e interpretación de instrumentos medievais que o trouxo, directamente, polo Camiño de Santiago: desde Ripoll a Compostela.

Carlos Villanueva

## Malandaña

Xorde Malandaña dos confíns da Terra, onde remata o camiño de Santiago. E xorde como un eco do que tanto nos chegou, da música, a palabra, a carne e máis da pedra. Os compoñentes de Malandaña entendemos a música medieval como un territorio no que a interpretación e a investigación son asuntos inevitables e interdependentes. Nada vai a unha sen a outra. Nas últimas décadas o interese pola música antiga ténnos permitido a recuperación de estilos musicais xa perdidos. Nese proceso interveñen diferentes factores: as partituras orixinais, con toda a información directa do compositor, en primeiro lugar; a información escrita, tratados, comentarios, cartas con referencias a veladas musicais e todo aquilo que nos diga algo en canto aos distintos xeitos de facer música e o contexto no que se facía; e naturalmente, os instrumentos, que coas súas virtudes e defectos son os grandes mestres do intérprete.

No caso da música medieval, a ruptura da tradición é grande. Oitocentos anos sepáranos da orquestra do Pórtico da Gloria, e nese tempo sucederon tantas cousas, tantos acontecementos artísticos e guerreiros, tanta luz e tanto lume, que aos humanos do século XXI cústanos caro imaxinar o que tal puido escoitar Afonso X nunha sala do seu pazo, un día de festa, ou na súa tenda tras a batalla, ou o consolo que lle producía a música dos xograres mentres xacía doente na cama, apertado ao libro dos Milagres de Santa María. A partires das investigacións realizadas por Francisco Luengo, só e en compañía doutros, sobre os instrumentos medievais representados no Pórtico da Gloria da catedral Compostelá, e no Pazo de Xelmírez; abríusenos de vez un mundo diante nosa, non só de instrumentos sonoros, senón de ideas, imaxes e voces da que críamos tan lonxana Idade Media. Ante aquel esplendor místico e arquitectónico non cabía senón recobrar o outro esplendor, o invisible: a música.

Contando xa co son dos instrumentos, quedábanos averiguar o xeito de abordar a súa interpretación, os seus recursos, aprender a explorar a súa capacidade de virtuosismo. Así, xuntamos a música dos trovadores, que a imaxinar o paraíso inventaron o amor, e a palabra que crea o mundo, e a imaxe, que todo nos aprende. Desta tarefa, Malandaña realizou concertos por distintos festivais e auditorios onde se interpreta música antiga: Auditorio de Galicia, Festival de Música Antiga de Sajazarra, Festival internacional no Camiño de Santiago, Festival de Música Antiga de La Laguna, entre outros. O grupo fixo as seguintes gravacións discográficas: *Unha noite na corte do Rei Afonso*, dedicado ás cantigas de Santa María do rei Afonso X o Sabio, e *Mya Senhor Velida*, dedicado á lírica mariana medieval en Francia e Galicia. Esta gravación foi nominada nos premios ICMA (International Classical Music Awards) como mellor disco de música antiga do ano 2019.

## Instrumentos

César Arias toca un alaúde, segundo o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, construído por el mesmo e por F. Luengo; e unha cítola, segundo as ménsulas do Pazo de Xelmírez, (s. XIII), construída por F. Luengo.

Xurxo Varela toca unha vyola, segundo o Pórtico da Gloria, construída por César Arias e F. Luengo.

Manuel Vilas toca un arpa románica, feita por F. Luengo, seguindo as do Pórtico da Gloria.

Francisco Luengo toca una vyola grande, segundo a que se atopa no Pazo de Xelmírez, construída por el mesmo.

O organistrum, de F. Luengo e César Arias, tocado por eles mesmos, está reproducido do Pórtico da Gloria.

### Francisco Luengo

Nacido na Coruña, comezou a aprender a viola da gamba con José Vázquez no ano 1981, ingresando na Hochschule für Musik de Viena en 1988. No 2000 funda e dirixe o grupo Malandança, que interpreta música medieval com instrumentos orixinais, fruto do seu labor como investigador e construtor no campo da organoloxía medieval europea. Con Malandança publicou o disco *Unha noite na corte do Rei Afonso* (ano 2000, ed. Clave Records) e *Mya Senhor Velida* (ano 2019, ed. Brilliant Classics), un rexistro que foi nomeado en 2019 aos prestixiosos premios ICMA na categoría de Música Antiga.

Desde a súa creación, dirixiu Capela Compostelana, un grupo dedicado á recuperación e difusión da música barroca e renacentista. Nesta área, Capela Compostelana publicou dous discos compactos, *José de Vaquedano* (ed. Edigal) e *Villancicos a Santiago* (ed. Fonti Musicali), centrados integramente na obra de José de Vaquedano (1642-1711), un dos principais compositores españois do século XVII, que foi mestre de capela da catedral de Santiago de Compostela.

No ano 2004 transcribiu, coordinou e dirixiu a estrea mundial do drama litúrxico *Ordo Prophetarum* (s. XII), que comprende a imaxinería do Pórtico da Gloria, representado durante anos na noite do 30 de decembro na catedral de Santiago de Compostela. En 2009, xunto con Xurxo Varela, publicou o CD *My Singular Entertainment, and Delight* (ed. Actus), que contén música inglesa do século XVII para dúo de violas da gamba, con dúos de Ch. Simpson, J. Jenkins e outros autores. De novo con Xurxo Varela publica, en 2013, *Le Nymphe di Rheno* (ed. Actus), un CD duplo coa integral das doce sonatas a dúo de Jean Schenck (1660 ± 1712).

F. Luengo foi un dos seis construtores escollidos para participar no proxecto da reconstrución dos instrumentos do Pórtico da Gloria, patrocinado pola Fundación Barrié de la Maza, levado a cabo entre os anos 1989 e 1992. Formou parte, aínda, do equipo de especialistas do *Proxecto de reconstrución dos instrumentos do Pazo de Xelmírez* emprendido pola Excma. Diputación Provincial de Lugo no período 93/94.

Desde o ano 2000 ata 2005 foi profesor de viola da gamba no curso *Camiño de Santiago, cánticos, cantigas e cantos*, que organizaba a Universidade de Santiago de Compostela, dedicado á interpretación da música barroca; e na ESMAE dentro dos 1º e 2º *Encontros Ibéricos de Viola da Gamba* organizados nos anos 2014 e 2015. F. Luengo desenvolve un intenso traballo en cursos, conferencias, exposicións e publicacións (*El Pórtico de la Gloria, Música, Arte y Pensamiento*, publicado por *Cuadernos de Música en Compostela*; *Los Instrumentos del Pórtico de la Gloria*, publicado pola Fundación Barrié de la Maza; *Instruments à cordes du Moyen Age*, CERIMM, Fondation Royaumont, editado por Créaphis; *Instrumentos de Corda Medievais*, editado pola Deputación Provincial de Lugo).

# Concertos do ciclo

XOVES 28 DE ABRIL DE 2022  
Malandança

MARTES 3 DE MAIO DE 2022  
Pancho Álvarez

MARTES 10 DE MAIO DE 2022  
Rosa Sánchez  
Pablo Carpintero

MÉRCORES 18 DE MAIO DE 2022  
Grupo Martín Códax

MARTES 24 DE MAIO DE 2022  
Antoni Madueño  
Kimiyo Nakako

Todos os concertos son ás 20:30 h no **Paraninfo da Universidade**.

